

O COELLIÑO BRANCO

Texto de BATA a partir da versión de XOSÉ BALLESTEROS

Tradución de IAGO NICOLÁS

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €

O coelliño branco (galego)

ISBN 978-84-1343-114-7. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

El conejo blanco (castelán)

ISBN 978-84-1343-120-8. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

1º PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN - 1999

OS MELLORES LIBROS (Banco do Libro de Venezuela) - 2000

PREMIO UN LIBRO PER L'AMBIENTE (Italia) - 2010

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2002

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia)

Era un coelliño branco que foi buscar coles á horta para cociñar un caldo. Cando o coelliño regresou á súa casa, a porta estaba pechada e escoitou...

Achegar a lectura a nenos e nenas no espectro do autismo é o reto da colección [De fácil lectura - Makakiños](#) creada por KALANDRAKA


en colaboración coa Asociación Autismo BATA. Esta iniciativa pioneira intenta chegar e estimular o camiño da lectura a todas e todos, axudando a romper as barreiras da comunicación e facendo accesible o mundo da fantasía a moitas rapazas e rapaces. Estes libros buscan unha maior concreción e comprensión da mensaxe a través do sistema de pictogramas SPC (Símbolos Pictográficos de Comunicación), creado en Estados Unidos por Roxanna Mayer-Johnson a partir de debuxos e cores.

O texto deste conto popular adaptouse reducindo as palabras con carga alegórica, as metáforas e restando abstracción á linguaxe. As ilustracións tamén se axustaron para conseguir a máxima precisión na percepción da historia a nivel visual.

Buscando axuda para recuperar o seu fogar, o protagonista levará varias sorpresas. Trátase dun texto-fórmula que xoga coa sonoridade e coa rima, ademais de reivindicar a amizade e a coraxe como proba de que a valentía non é cuestión de tamaños.

A colección xa ofrece a adaptación do conto tradicional «A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella» e «Nicolás cociña sen lume», pertencente á serie *Makakiños día a día*. Trátase de materiais de apoio que se poden utilizar tamén en centros de Educación Infantil para un primeiro achegamento aos libros por parte das prelectoras e dos prelectores.

www.kalandraka.com 
comunicacion@kalandraka.com bata@autismobata.com



- **Temática:** conto popular adaptado con pictogramas.
- **Idade recomendada:** persoas no espectro do autismo.
- **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; cooperación; animais humanizados; amizade, valentía; Premio Nacional de Ilustración 1999; outros títulos da colección: «[A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella](#)», «[A ratiña presumida](#)» e «[Nicolás cociña sen lume](#)» (KALANDRAKA).
- **En Kalandraka TV:** <https://kalandraka.tv/gl/videos/bata-30-anos-imaginando-futuros/>
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-coellinho-branco-bata-g>

BATA

Mellorar a calidade de vida das persoas no espectro do autismo e das súas familias é o obxectivo de Autismo BATA, unha asociación membro de Plena Inclusión que -dende o compromiso ético- contribúe con apoios e oportunidades a que cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e a súa familia, poida levar a cabo o seu proxecto de vida e promover a súa integración como cidadán/á con todos os dereitos nunha sociedade xusta e solidaria.

<http://www.autismobata.com>

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, «O coelliño branco» (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre a trintena de libros que ilustrou para diversas editoriais destacan a colección «[Do berce á lúa](#)», «[Un becho extraño](#)», «[A cebra Camila](#)», «[Amora](#)», «[Animais de compañía](#)», o libro-disco «[Canta connosco!](#)», «[Non hai escapatoria](#)» e «[O Rei Oso Branco](#)» (Kalandraka).

<https://ovillan.com>

Ilustración da edición convencional




Ilustración da versión adaptada

